



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Anuncio aprobación padrón auga municipal 3º período 2025

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

A empresa concesionaria do servizo elaborou os padróns da taxa de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, así como o importe correspondente á facturación do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 3º período do 2025 (datas de lectura do 06 e o 21 de maio 2025 ata o 06 e 20 de agosto do 2025), remitíndoos ao concello.

O tesoureiro do Concello da Laracha, Jorge Vidal Zapatero emitiu informe relativo aos mesmos no día de hoxe.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 102.3 Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e do artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche correspondente ao 3º período de 2025 (datas de lectura do 06 e o 21 de maio 2025 ata o 06 e 20 de agosto do 2025) e por un total de 58.624,69 € co desglose que se indica a continuación:

SubTotal Auga	69.262,20 €
Total conservación	1.863,49 €
Total acometidas	1.863,49 €
Total Auga	72.989,18 €

SEGUNDO.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de saneamento e depuración de augas residuais correspondente ao 3º período de 2025 (datas de lectura do 06 e o 21 de maio 2025 ata o 06 e 20 de agosto do 2025) por un total de 138.994,97 € (incluído canon da Auga da Xunta de Galicia) e co seguinte desglose:

Total sumidoiros	50.284,51 €
Canon Saneamento	38.425,95 €
Total depuración	38.425,95 €
Total	138.994,97 €

TERCEIRO.- Comunicar, aos efectos do artigo 63.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e do artigo 49.7 do Decreto 136/2012, que a facturación pola empresa concesionaria do servizo do canon da auga da Xunta de Galicia correspondente ao 3º período de 2025 foi de 38.425,95 € €.

CUARTO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

QUINTO.- Contra as liquidacións das taxas municipais incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

SEXTO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

SÉTIMO.- Polo que respecta ao canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento do mesmo no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico- administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación do presente acordo no BOP.

Asinado dixitalmente polo sr. alcalde-presidente do Concello da Laracha, José Manuel López Varela co visto e praxe da secretaria, Lucía Barreiro Angeriz.

A Laracha, 1 de setembro de 2025

O alcalde

José Manuel López Varela

2025/5717